

Falta de resposta da Consellería de Medio Rural a unha reestruturación dunha concentración parcelaria no Concello de Vilasantar.

Expediente: F.11.Q/774/21

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Estimado Sr.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente á falta de resposta da Consellería de Medio Rural a unha reestruturación dunha concentración parcelaria no Concello de Vilasantar.

ANTECEDENTES

Nesa queixa esencialmente indicaba:

“1º.- El compareciente es titular de una finca ubicada en el lugar de San Vicenzo de Curtis (CONCELLO DE VILASANTAR), afectada por el proceso de concentración parcelaria actualmente en trámite ante la CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL.

2º.- A causa de una problemática reiterada en el tiempo y relacionada directamente con el uso y disfrute del camino vecinal colindante con las respectivas fincas, el compareciente mantiene, desde hace ya muchos años, una disputa con el titular de una finca colindante a la suya, problemática de la que el CONCELLO DE VILASANTAR tiene amplio conocimiento.

3º.- En la reestructuración propuesta por los servicios técnicos de la CONSELLERÍA, la finca del compareciente se identifica como 392 (antes 365-1) y la del colindante como 391 (antes 228).

4º.- Pues bien, a fin de evitar -o al menos minimizar sus perversos efectos-, la ya endémica disputa, el compareciente, mediante escrito presentado el 29.11-2019 (que se acompaña como DOCUMENTO N° UNO), solicitó que la reestructuración de las parcela se modificase en el sentido que apunta el plano adjunto a tal solicitud; incorporando a la parcela n° 392 del compareciente la superficie que en el plano figura pintada en rojo.

5°.- Como quiera que la CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL interpelada dio la llamada por respuesta a tal solicitud, mediante escrito de 16.6-2020 (que acompaño como DOCUMENTO N° DOS) el compareciente reitera su anterior solicitud, interesando respuesta expresa a la misma.

6°.- Lo cierto es que, a fecha actual, pese al tiempo transcurrido desde la presentación de los indicados escritos, por la indicada CONSELLERÍA todavía no se ha procedido a resolver la solicitud del compareciente, lo que denota una manifiesta desidia y abandono por el correspondiente órgano en la tramitación del procedimiento de reestructuración parcelaria, dejando al compareciente en la más absoluta indefensión.

Por lo expuesto, SUPLICO AL VALEDOR DO POBO que habiendo por presentado este escrito de queja y documentos adjuntos, se digne admitirlo, tramitar la queja que se formula y ordenar la investigación pertinente en relación con los hechos que se han relatado, requiriendo e instando a la CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL a fin de que en el expediente arriba referenciado resuelva sobre lo interesado por el compareciente en las solicitudes arriba indicadas.”

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Consellería do Medio Rural que xa nola remitiu. No informe achegado pola Administración sinálase o seguinte:

“En relación coa queixa presentada por ██████████ afectante á concentración parcelaria da zona de San Vicenzo de Curtis (Vilasantar - A Coruña) cabe INFORMAR o seguinte:

Primeiro: O escrito de 29.11.2019 que indica o Sr ██████████ que pese á súa reiteración, non foi contestado pola Consellería do Medio Rural, correspóndese co recurso de alzada que se interpón contra o Acordo de reestruturación parcelaria da zona de concentración parcelaria de San Vicenzo de Curtis (Vilasantar - A Coruña) por D. ██████████ -no nome e representación de ██████████ (prop nº 365)-.

Segundo: Contra o citado Acordo presentáronse un total de 27 recursos de alzada que foron obxecto dun primeiro estudo polo persoal do Servizo de Infraestruturas Agrarias desta Consellería na Coruña, e remitidos en xullo de 2020 ás dependencias centrais desta Consellería en Santiago, onde foron obxecto dun novo estudo tanto en oficina como en desprazamento sobre o terreo, e remitíndose, de ser o caso, os correspondentes trámites de audiencia aos interesados recabando documentación ou evacuando propostas de modificacións.

Dado que nestes Servizos Centrais elabóranse os informes previos ás propostas de resolución dos recursos de alzada interpostos contra os Acordos de concentración/reestruturación agraria das catro provincias, poden producirse retrasos na súa resolución polo volume de traballo que se xenera.

Terceiro.- No caso que nos ocupa o 01.03.2021 elaborouse o informe previa á resolución do recurso de alzada obxecto da presente queixa, redactándose a correspondente resolución que foi asinada con data 04/03/2021, e que nestes momentos está sendo obxecto de notificación -xunto co resto dos 27 recursos de alzada presentados- aos seus destinatarios mediante correo con acuse de recibo.”

ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa e da documentación achegada por vostede e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre sinalar que tras a investigación do asunto obxecto da queixa presentada por vostede, a administración interesada realizou as actuacións precisas para a súa resolución, isto é elaborou o informe previo á resolución do recurso de alzada obxecto do presente expediente, redactou a correspondente resolución asinada con data 04/03/2021, e procedeu a notificácela a vostede mediante correo con acuse de recibo.

CONCLUSIÓN

Tras a investigación realizada –na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe da citada consellería – dedúcese que pola intervención desta Institución a Administración afectada adoptou as medidas precisas e realizou as actuacións procedimentais oportunas para a solución da situación que motivou a súa queixa.

Por todo o anterior, resolvo dar por concluído este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste



sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a súa confianza nesta institución e saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo